

O Galego volve ser lingua escrita

No ano 1808, por mor da invasión napoleónica, como instrumento de axitación política antifrancesa circularon escritos e galego animando o pobo á subversión. As fazañas dos galegos nesta guerra relátanse despois nas *Proezas de Galicia*, no 1810.

Estes escritos de carácter político e algúns outros, con pretensións literarias significan o primeiro esforzo por devolverlle ó galego o rango de lingua escrita.

<1> PROEZAS
DE GALICIA,
EXPLICADAS BAXO LA CONVERSA-
CION RÚSTICA DE LOS DOS
COMPADRES
CHINTO Y MINGOTE.
POR D. JOSÉ FERNÁNDEZ Y NEYRA.

535 *Ming.* Como beu Sul de Portugal è Ney de Asturias desde se reforzaron è uniron à xsente, tiñan tramado ò vir à collernos; pero nos que ò chegamos à oler, retiramochenos para S. Payo, è eles tras nos, è de todas as barcas que abia fixemos ún-a Ponte, porque à antiga estaba cortada, è desta forma se estubo à xsente embarcando toda à noite, tocando à gaita è

540 divertíndose no mentras que nún-a encuberta se colocou toda à artillería. O día seguinte pre-<46>sentouse Ney coà sua division, è empezamos nos tal fogo de cañon que barria neles que era un gusto, mentras que por outra parte ún-as lanchas que lle chaman cañoneras tamen zorregaban balas nos Franceses, que era un primor; nosoutros que nunca tal nos abia sucedido,

545 porque nas refregas que tiñamos diarias non abia aquel órden, estabamos pasmados; pero à alegría que tiñamos en ver caer franceses, mentras que por outra parte à nosa música resonaba no medio dos vivas à Fernando setemo, facíanos olvidar todo canto viamos tocante ò temor, è infundíanos à porfia ganas de arroxarnos coma Leos à eles ¿pero si viras à Ney? espumaba pola

550 boca mais que ò mar, è desde veu que todas as tentativas que facia para pasar eran coma botar ó aire à pólvora, nonlle faltava sinon tirarse un tiro, è á fe que si se detivera un pouco mais, pode que non fose necesario, por-<47>que dun matamoslle ò cavalo, è doutro tiramoslle ò sombreiro da cabeza, è vendo èl que acusa non era chanza pegache à fuxsir ¡ira de Jesus! ò mesmo que un touro cando ò aferretan, è à sua imitazon ò resto da division fixo ò mesmo, è entoncos sairon à acompañalos, è gardalles as espaldas os tiradores dos Rexsementos que abia, è us poucos de Catalans, pero eles marcharon tan agradecidos que non agardaban nada, porque che corrían coma un barco cando hay tempestad, hasta que se encerraron na Cruña.

Fragmento que relata a batalla de Ponte Sampaio

PROGRAMA
NA GUERRA DA INDEPENDENCIA,
POR
UN LABRADOR QUE FOY SARXENTO
ÓS
Soldados do novo alistamento.


- No' hay, Mozos, que relembrarse 35 Salitrán cando volvades,
Para sacudir en duro, Para traervos en trunfo
Das Mulleres, nin dos fillos, Con gaitas e con ferreñas,
10 Nin menos dos bois do xugo. Todal as Mozas de rumbo.
- Librenos Dios que vos pille Veredes como se botan
O demo do Vagamundo 40 Todal as Vellas de bruzos
Que rapa vidas, facendas, Para darvos moitos bicos
Gando e cartos todo xunto. Por pés, por pernas, e muslos.
- 15 O pior do conto, mociños, Cada Escarapela vosa
É que de Fráncea, o Verdugo Dirán que val un escudo
En vez de Cristianos, quere 45 E para gardal a casa
Facernos á todos, Turcos. Tanto coma un bon trabuco.
- Por esto diz' o meu Cura, Xa no' habrá Casamento
20 Todos apreten os puños Nas aldeas de este mundo
Pol a Patria e pol o Rey Que non sexa para o mozo
E morrer por Dios con gusto. 50 Que gastou moitos cartuchos.
- S' eu fora alá, meus queridos, Estas con outras vantaxes
Por esta Cruz + vol o xuro, De honra e proveito que escuso
25 Con mil cabezas francesas Nomealas, vos trahe, amigos,
Había de vir moy rufo. Sacar á Patria de apuros.
- Esto con ser xa tan vello; Anónimo
Máis vós, con catro aturuxos
Non deixarés un Gabacho
30 Se poñedes bén os puntos.
- Ide á guerra, meus Garridos
Dios vos axude, meus Rulos
E aquel Patron das Españas
Que tén o pelo moy rubio.



Un gomeiro galego de 1808.

	XUNTA DE GALICIA	COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE PONTE SAMPAIO
	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Rúa A Xunqueira nº 12 - 36690 - PONTE SAMPAIO (PONTEVEDRA) E-mail: ceip.ponte.sampaio@edu.xunta.es Web: http://centros.edu.xunta.es/ceippontesampaio Teléfono: 986 / 700 159 Fax: 986 / 700 159

17 de MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS




Ramón Piñeiro López

Nº 5 - Ano 2009

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O HOMENAXEADO



Ramón Piñeiro naceu en Láncara (Lugo) en 1915. Símbolo da resistencia galeguista ao franquismo, coa chegada da democracia foi elixido deputado pola Coruña na candidatura do PSdeG-PSOE. En 1967 ingresou na Real Academia Galega e en 1983 foi elixido presidente do Consello da Cultura Galega. Desde 1950 e ata avanzados os oitenta, Piñeiro dirixiu a editorial Galaxia, clave na recuperación da personalidade política e cultural de Galicia. Durante 25 anos tamén dirixiu, en colaboración con Fernández del Riego, a revista Grial que levou a imaxe de Galicia a prestixiosas universidades estranxeiras.

A Ramón Piñeiro chegoulle o Premio Fernández Latorre apenas unas semanas antes da súa morte (Compostela-1990). Foille concedido este galardón “pola súa exemplar obra no campo da comunicación, tanto na creación editorial como na periodística, posta ó servizo dun mellor coñecemento de Galicia e dos seus problemas”.

A Ramón Piñeiro chegoulle o Premio Fernández Latorre apenas unas semanas antes da súa morte (Compostela-1990). Foille concedido este galardón “pola súa exemplar obra no campo da comunicación, tanto na creación editorial como na periodística, posta ó servizo dun mellor coñecemento de Galicia e dos seus problemas”.

OBRA

- ♦ *A Filosofía i o home*
- ♦ *A lingoaxe e as lingoas*
- ♦ *Ciclo Castelao*
- ♦ *Da miña acordanza*
- ♦ *Filosofía da saudade*
- ♦ *Galicia*
- ♦ *Lembrando a Castelao*
- ♦ *Olladas no futuro*
- ♦ *Pra unha filosofía da saudade*



Existe un pensamento
desde o momento
en que
existe
unha lingua,
unha cultura,
un xeito de vivir
e contemplar o mundo.



Ramón Piñeiro

*Galegos,
o futuro non ten por que ser
como ata agora,
algo que vos aconteza;
o porvir pode ser,
se vós queredes,
un proxecto que
vós mesmos iredes construíndo.*



Ramón Piñeiro
Olladas no futuro, Galaxia